

Obxecto:	Informe á Resposta do Promotor
Proxecto:	Parque Eólico O Cerqueiral
Concellos:	Cabana de Bergantiños, Coristanco e Santa Comba (A Coruña)
Promotor	GREENALIA WIND POWER O CERQUEIRAL, S.L.U.
Remitido:	Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2019/15
Expte.:	03.I.543.2020.001 (Servizo de Arqueoloxía)

O 25.03.2021 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se da traslado da reposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 04.02.2021.

INFORME:

Antecedentes e feitos

Co data 04.02.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente o *Estudio de Impacto Ambiental* e o *Proxecto Sectorial do Parque Eólico O Cerqueiral*. En dito informe establecíase, entre outras a seguinte condición:

- Modificarase a traza da gabiá de cableado que afecta ao ben *Túmulo de Monte da Brañeira* (GA15029034) de maneira que quede fora de contornos de protección de bens cultural. A nova localización deberá acordarse cos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o seu impacto terá que ser avaliado.

Consideración legais e técnicas

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE num. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm.242 do 01.12.2020)*

A documentación agora achegada contén o documento *EEvaluación de Impacto sobre Patrimonio Cultural Parque Eólico de O Cerqueiral Ayuntamientos de Cabana de Bergantiños, Coristanco y Santa Comba (A Coruña). 1º Anexo a Memoria*, asinado polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira da empresa EQVITE Arqueología y Gestión del Patrimonio. De acordo con ela pódense facer as seguintes consideracións:

- O Túmulo de Monte da Brañeira (GA15029034) ten unhas dimensión de 16 m N-S por 13 m E-W. Atópase cortado por un valado no eixo N-S e seccionado pola estrada de Santa Comba no eixo E-W. Está recollido no PXOM de Coristanco cunha área de protección específica.



- A gabia de cableado do parque eólico planifícase no contorno de protección establecido no PXOM, pola cuneta do lado oposto da estrada de Santa Comba que seccionou o túmulo, a 5 m al E da área de protección integral. O impacto cualifícase como severo.
- A promoción indica que a gabia se executaría nunha zona xa alterada pola cuneta e a caixa da estrada, e xeraría menos impacto ambiental que apertura dunha gabia ex novo.
- Para corrixir o impacto propóñense as seguintes medidas correctoras:
 - Delimitación do ben na cartografía de obra.
 - A gabia discorrerá pola cuneta contraria (E) da estrada ao lado no que se atopa o túmulo.
 - Realización de sondaxes arqueolóxicas ao longo da traza da gabia no contorno de cautela do ben. Os resultados das sondaxes terán que ser informadas de xeito vinculante pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
 - A área de protección integral do xacemento deberá ser balizada na fase de replanteo, de xeito que quede correctamente identificada namentres duren as obras. No espacio acoutado no poderá ser utilizado como zona de paso de vehículos ou maquinaria de obra nin coma zona de acopios de material.
 - Todas as fases de obra (roza de vexetación e replanteo) no contorno de protección realizaranse baixo control arqueolóxico presencial.

Conclusión e proposta

Á vista do exposto na análise da documentación e nas consideracións técnicas, estes servizos técnicos estiman que se poden informar de xeito **favorable** a documentación achegada, coas seguintes condicións:

- As sondaxes arqueolóxicas executaranse de xeito manual, e de acordo cun proxecto arqueolóxico autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- A gabia, no contorno de protección do xacemento *Túmulo de Monte da Brañeira* (GA15029034), executarase de acordo coas especificacións recollidas na *Evaluación de Impacto sobre Patrimonio Cultural Parque Eólico de O Cerqueiral Ayuntamientos de Cabana de Bergantiños, Coristanco y Santa Comba (A Coruña). 1º Anexo a Memoria* e referidas neste informe.
- A gabia realizarase baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- De acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complejo Administrativo San Caetano
Edificio número 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal

